

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA PARA A ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO ANO XUBILAR MARIANO DE CEE

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha banda, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Por outra, Iván Antonio Pérez Leis con D.N.I. 78.804.123-M, presidente da **Asociación Amigos da Xunqueira**, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que no exercicio do seu cargo se deducen dos seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica



en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Asociación Amigos da Xunqueira de Cee é unha asociación sen ánimo de lucro que exerce fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

Son fins principais da asociación:

- a) Promoción da actividade cultural e deportiva na comarca.
- b) Apoio á acción social comunitaria.
- c) Conservación do patrimonio cultural, histórico e natural da comarca.
- d) Cooperación para o desenvolvemento.

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades:

- a) Apoio aos veciños en labores sociais.
- b) Visitas guiadas do patrimonio histórico-cultural.
- c) Organización mes cultural-deportivo.
- d) Representacións teatrais, coreográficas e musicais.
- e) Recuperación do patrimonio cultural, histórico e natural.



Terceiro.- Que a Penitenciaria Apostólica da Santa Sede en Roma concedeu un Ano Santo Xubilar, a celebrar desde o 1 de maio de 2022 ata o vindeiro 1 de maio 2023. Nesta última data terá lugar a coroación canónica da patroa ceense, a Virxe da Xunqueira.

O Ano Xubilar é un acontecemento relixioso de suma importancia para a vida cristiá, un ano de remisión dos pecados no que o templo parroquial da Virxe da Xunqueira será lugar de peregrinación para todos os fieis, e moi especialmente para aqueles que continúan o Camiño de Santiago desde Compostela ata o Fin da Terra. Loxicamente, o dito Ano Xubilar estará composto por diferentes e diversos cultos extraordinarios que buscarán a mellor acollida para os peregrinos e devotos da Virxe da Xunqueira pero ademais, coa intención de achegar este Ano Xubilar a toda a cidadanía, máis alá dos seus sentimentos relixiosos, elaborárase unha oferta complementaria de actividades culturais e de ocio. Para iso é preciso a implicación de institucións públicas e privadas que poidan colaborar para o seu desenvolvemento e difusión.

A promoción do Ano Xubilar é fundamental para dar a coñecer a advocación de Nosa Señora da Xunqueira e o rico pasado histórico que atesoura a vila de Cee, lugar de referencia na actualidade na Costa da Morte como centro de prestación de servizos.

Cuarto.- Que o evento axudará a fomentar o turismo relixioso e a fomentar a ruta xacobeá do Camiño de Fisterra-Muxía.

Que ambas as entidades consideran de mutuo interese a colaboración na actuación obxecto deste convenio porque constitúe unha oportunidade para atraer a turistas e peregrinos a Galicia tanto no segundo ano do Xacobeo 21-22 coma nos meses seguintes, ao estenderse o Ano Xubilar ata o 1 de maio de 2023. Tamén suporá un impulso para divulgar o patrimonio histórico-artístico deste santuario mariano. Por estas razóns, concorren para os efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da devandita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o



outorgamento da subvención, sen que proceda promover a concorrência pública ao ser a Asociación Amigos da Xunqueira a única entidade organizadora e, polo tanto, que pode desenvolver a actuación subvencionada.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Amigos da Xunqueira para a organización e realización de actividades de promoción do Ano Xubilar Mariano de Cee.

O ano Xubilar Mariano dará comezo oficialmente o 1 de maio de 2022 e terá o seu remate o 1 de maio de 2023 coa coroación canónica da Virxe. Os principais actos que se pretenden levar a cabo son os seguintes:

- Maio 2022

O principal acto a levar a cabo en este mes será a inauguración do propio Ano Santo, coa apertura da "porta santa". Este culto especial terá lugar o domingo 1 de Maio de 2022 a partir das 18.00 horas. Finalizará esta xornada cun concerto do cantante galego Rubén de Lis.

- Xuño 2022

O 17 terá lugar unha conferencia a cargo de expertos do Taller de Bordado en ouro e sedas Soldán de Sevilla que presentará o proceso de restauración de ambas pezas así como a súa orixe e datación.



Así mesmo, o día 24 realizarase un espectáculo a cargo do Bruxo Queiman onde os peregrinos e o Camiño de Santiago son os grandes protagonistas.

- Xullo 2022

Na segunda fin de semana deste mes, varias actuacións musicais e unha festa para os máis cativos lembrarán que estamos nos prolegómenos das datas máis importantes para Cee. Pasarrúas co grupo de gaitas Fumes do Cal e un concerto no mediodía do domingo día 10 a cargo da Banda de Música de Cee completarán unha xornada festiva que terá a súa antesala na tarde de xogos e obradoiros para os cativos e unha noite de festa pensada para todos da man da CDC Disco Móvil.

Como a maioría das vilas mariñeiras, Cee celebra na xornada do día 16 a festividade da Virxe do Carme. Na tardiña, despois da tradicional procesión terá lugar un festival de agrupacións de baile tradicional organizado conxuntamente coa asociación Terra de Sena.

A finais deste mes terá lugar a recepción en Cee da Peregrinación Europea de Xoves Peregrinos, o que supón que visitarán o templo ceense aproximadamente 1.200 mozos e mozas segundo as previsións da Delegación de Xuventude do Arcebispado de Santiago. Este numeroso grupo repartirase en 2 días consecutivos (27 e 28 de xullo) e ademais dos actos meramente relixiosos haberá actuacións musicais, entre as que salientamos as actuacións do rapeiro Grilex e do "Le Choeur de l'Immaculée" co seu espectáculo *Essence d'Afrique*, ó tempo que se lles ofrecerá aloxamento, comida e un pequeno agasallo conmemorativo.

- Agosto 2022

Agosto é o mes da Virxe da Xunqueira. A novena que ten lugar entre os días 6 e 14 dese mes así como a súa festa nos días 15 e 16 xunto con San Roque, constitúen



os eventos máis importantes de todo o ano na devoción a esta advocación, sendo miles as persoas que se achegan ó templo e as procesións. Nun ano tan especial, as funcións litúrxicas contarán coa presenza de predicadores de distintos Santuarios de España así como o acompañamento de varias corais, entre as que se atopan o Coro Rociero de la Macarena (Sevilla) ou a Coral de Tomelloso (Cidade Real) que ofrecerán un concerto na véspera da festividade da Virxe.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións de promoción obxecto deste convenio ascende a **50.149,23 € (IVE incluído)**, co seguinte desagregamento:

CONCEPTO	IMPORTE	IVE	TOTAL
Concerto Rubén de Lis	625,00 €	62,50 €	687,50 €
Espectáculo Bruxo Queiman sobre o Camiño	4.950,00 €	1.039,50 €	5.989,50 €
Xornada restauración arte sacro	1.500,00 €	315,00 €	1.815,00 €
Actuación grupo de gaitas Fumes do Cal	800,00 €	0,00 €	800,00 €
Actuación Dúo musical	500,00 €	105,00 €	605,00 €
Festa Infantil (obradoiros e xogos)	550,00 €	115,50 €	665,50 €
Actuación CDC Disco Móvil	2.200,00 €	220,00 €	2.420,00 €
Concertos Banda de Música de Cee	3.900,00 €	0,00 €	3.900,00 €
Actuación grupo folk Peta Forte	580,00 €	0,00 €	580,00 €
Concertos rapeiro Grilex	1.100,00 €	231,00 €	1.331,00 €
Actuacións Le Choeur de l'Immaculée	5.000,00 €	0,00 €	5.000,00 €
Actuación Coral Macarena Sevilla	5.000,00 €	0,00 €	5.000,00 €
Actuación Coral conservatorio Tomelloso	3.200,00 €	0,00 €	3.200,00 €



Realización vídeo Cee Ano Xubilar en Fitur	3.000,00 €	630,00 €	3.630,00 €
Equipos luz e son agrupacións danza	2.000,00 €	420,00 €	2.420,00 €
Escenario e grupo electróxico agrup. danza	2.043,00 €	429,03 €	2.472,03 €
Equipos luz e son PEX (2 días)	3.550,00 €	745,50 €	4.295,50 €
Escenario PEX (2 días)	3.420,00 €	718,20 €	4.138,20 €
Realización 2 vídeos actividades Ano Xubilar	991,74 €	208,26 €	1.200,00 €
TOTAL	44.909,74 €	5.239,49 €	50.149,23 €

Deste orzamento a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades que se relacionan no cadro anterior con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005, cunha achega de 40.000,00€ dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen **a partir do 1 de xaneiro de 2022**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e registrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Os tributos son gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os paga efectivamente. En ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Cuarta.- Compromiso das partes

1. **A Asociación Amigos da Xunqueira** obrígase a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio e o cumprimento da súa finalidade.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos das accións obxecto do presente convenio que se trata dunha actuación con financiamento da **Xunta de Galicia e incluír a marca do Xacobeo 2021-22**, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 104/2021, do 24 de xuño, polo que se aproba a actualización do Manual de identidade gráfica Xacobeo 2021-22 (DOG núm. 132, do 13 de xullo).



- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que resulten aplicables.

2. A **Axencia Turismo de Galicia** comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.



Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación da subvención efectuarase pola **Asociación Amigos da Xunqueira** segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto nos artigos 28 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 8/2007, do 13 de xuño, que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.



2) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutras axudas, recursos, ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto tivera sido realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e a marca do Xacobeo 2021-22.



Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outra parte, a entidade deberá presentar os certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será desde a formalización do convenio ata o **1 de decembro de 2022**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a



que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención proporcionalmente á contía xustificada.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar **pagamentos anticipados**, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 50% da subvención concedida, e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, segundo o disposto no artigo 63.1.Dous do citado Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Coa solicitude de anticipo, a Asociación terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Así mesmo poderanse realizar **pagamentos a conta** conforme ao artigo 62 do antedito Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas.



Para proceder ao seu pagamento, a Asociación deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

De conformidade co disposto no citado artigo 65 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Asociación deberá constituír garantía correspondente aos pagamentos anticipados e a conta, cando a contía acumulada relativa aos mesmos supere os 18.000€. A garantía deberá cubrir o 110% das cantidades anticipadas ou pagadas a conta, ao abeiro do disposto no artigo 67 do citado Regulamento.

Novena.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A Asociación Amigos da Xunqueira será a responsable de que na



execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Décima.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.



No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo primeira.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Décimo segunda.- Modificacións e resolución do convenio



I. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

II. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.



Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adelante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade, procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.



Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo quinta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

Décimo sexta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o **31 de decembro de 2022**.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio na data da súa sinatura dixital

Pola Axencia Turismo de Galicia

Pola Asociación Amigos da
Xunqueira

Alfonso Rueda Valenzuela

Iván Antonio Pérez Leis

